



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Acordo do 12 de novembro de 2024, do departamento territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental presentados xunto coa solicitude de pase a concesión da explotación Mondoñedo Fracción 2ª número 5767.2, derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) denominado "Mondoñedo" número 5767, situado no termo municipal de Abadín, na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental, achegados xunto coa solicitude de concesión de explotación derivada do permiso de investigación de recursos da sección C) denominado "Mondoñedo" número 5767, presentada por Norsil, SA, situado nos termo municipal de Abadín, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 12 de novembro de 2024.- O director territorial de Lugo, P.A. (Art. 40.3 e 41.1 Decreto 140/2024, do 20 de maio, DOG núm. 101 do 27/05/2024), Xefa do Servizo de Enerxía e Minas, Iria Fernández Vilaboa.

R. 3724

Anuncio

ACORDO do 14 de novembro do 2024 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Corgo. (Expediente 2022/287-ATE)

Con data 7 de xullo do 2023 o Departamento Territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Reforma LMTA CRG803 en tramo entre apoios nº 106 e nº 106-35 (O Corgo)*.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Corgo deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 24 de febreiro do 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 31 de xullo do 2023, para que comparezan o día **29 de xaneiro do 2025 no concello do Corgo** sinalados como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Corgo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 14 de novembro do 2024.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Titular	Data Actas	Hora
2	23	48	Leiro Xestas	Monte alto	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
12	20	99	Leiro Agra do Souto	Labor	Domingo Castedo Rivas	29.01.25	12.00 h
14	20	106	Leiro Pequeno Souto	Monte alto	Domingo Castedo Rivas	29.01.25	12.00 h
17	20	105	Souto	Monte alto	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
19	21	88	Da Silva	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
20	21	87	A Laxe	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
31	21	70	A Laxe	Monte alto e prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
35	19	38	Chouso Novo	Monte alto	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
36	68	21	Lg. San Xoan	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
37	21	12	Recanto	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
38	21	25	Agra de Riba	Labor	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
39	21	13	Pedregosa	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h
42	21	2	Campa	Prado	Domingo Antonio Abuín Sánchez	29.01.25	10.00 h

R. 3725

Anuncio

ACORDO do 14 de novembro do 2024 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica nos concellos de Ribas de Sil e Quiroga (Expediente 2023/215-ATE)

Con data de 3 de setembro do 2024 o Departamento Territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de

construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Liña SEQ806 Quiroga 6, substitución do apoio C7492KHS//31*.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios dos concellos de Ribas de Sil e Quiroga deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 16 de setembro do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 25 de setembro do 2024, para que comparezan o día **23 de xaneiro do 2025 nos concellos de Ribas de Sil e Quiroga** sinalados como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios dos concellos de Ribas de Sil e Quiroga estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 14 de novembro do 2024.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Titular	Data Actas	Hora	Concello
1	40	104	Caracocha	Monte Alto	Hros de Estela Fraga Alba	23.01.25	12.00 h	Quiroga
2	6	1020	Baulongo	Prado	Iberdrola	23.01.25	10.00 h	Ribas de Sil
3	6	1019	Areas	Prado	Iberdrola	23.01.25	10.00 h	Ribas de Sil

R. 3726

Anuncio

ACORDO do 14 de novembro do 2024 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Baleira. (Expediente 2023/299-ATE)

Con data 5 de setembro do 2024 o Departamento Territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación LMTA CRG811 entre apoios nº 63-74 e nº 63-84*.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no

taboleiro de anuncios do concello de Baleira deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 11 de abril do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 19 de abril do 2024, para que comparezan o día **30 de xaneiro do 2025 no concello de Baleira** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Baleira estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 14 de novembro do 2024.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Titular	Apoio (nº)	Apoio (m ²)	Sup. (m ²)
2	58	318	Rapela	Monte Alto	Hros de José López Chante	63-76	1	2

R. 3727

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación do Orzamento Xeral para o exercicio 2024, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 26 de setembro de 2024 por importe de 3.500,00€ (TRES MIL QUINIENTOS EUROS) o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo

PARTIDAS DE BAIXA

PROGRAMA	ECONOMICA	DESCRIPCION	IMPORTE
342	212	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, REPARACIÓN E MANTEMENTO DE EDIFICIOS	3.500,00

PARTIDAS DE ALTA

334	480	TRANSFERENCIAS	3.500,00
-----	-----	----------------	----------

Carballedo, 22 de novembro de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3728

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2FRACCION MATRICULA CURSO 2024-2025**

Por Xunta de Goberno Local do día 11.11.2024 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2024-2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 22.11.2023 ata o 22.01.2025..

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de Novembro de 2024.- O Alcalde. P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3715

MONTERROSO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CREACION DE BOLSAS DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE:

CENTRO DE DÍA.- Auxiliar cociña

ESCOLA INFANTIL.- Auxiliar cociña.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 22 de novembro de 2024.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 3729

OUIROL*Anuncio*

PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA DE 21 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O ERRO MATERIAL DETECTADO NO DECRETO DE DATA DE 7 DE OUTUBRO DE 2024 RELATIVO A CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE OUIROL DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (XORNADA PARCIAL) (OEP 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0491 de data de 21/11/2024 procédese a corrixir o erro material detectado na Resolución de Alcaldía de data de 7 de outubro de 2024 relativo a contratación para cubrir en propiedade dunha praza de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa adicional de Estabilización de Emprego Temporal), sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

“Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía 2024-0395 de data de 7 de outubro de 2024 pola que se resolve a contratación para cubrir en propiedade como persoal laboral fixo do Concello de Oourol de unha praza de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal), RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a realizar unha corrección do erro na dita resolución do seguinte xeito:

Onde textualmente di:

“(…)

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona María del Mar Pita Pita para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María del Mar Pita Pita, con DNI nº ***3785** para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona María del Mar Pita Pita para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 62,50 %), do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María del Mar Pita Pita, con DNI nº ***3785** para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 62,50 %), do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)”

Segundo.- Ordear a publicación da presente resolución desta corrección no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol.

Terceiro.- Notificar esta resolución á persoa interesada, e dar conta da mesma no primeiro pleno ordinario que se celebre.

O que mando e asino en Oourol, na data de sinatura electrónica á marxe de 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba. A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal”

Oourol, 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R.3716

Anuncio

PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA DE 21 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O ERRO MATERIAL DETECTADO NO DECRETO DE DATA DE 7 DE NOVEMBRO DE 2024 RELATIVO A CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE OOUROL DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (XORNADA PARCIAL -

FINES DE SEMANA E FESTIVOS) (OEP 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0492 de data de 21/11/2024 procédese a corrixir o erro material detectado na Resolución de Alcaldía de data de 7 de novembro de 2024 relativo a contratación para cubrir en propiedade dunha praza de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial - Fins de semana e festivos) (OEP 2022 Taxa adicional de Estabilización de Emprego Temporal), sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

“Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía 2024-0463 de data de 7 de novembro de 2024 pola que se resolve a contratación para cubrir en propiedade como persoal laboral fixo do Concello de Oourol de unha praza de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial - fins de semana e festivos) (OEP 2022 Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal), RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a realizar unha corrección do erro na dita resolución do seguinte xeito:

Onde textualmente di:

“(…)

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona Justina Diomaris Gómez Rodríguez para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona Justina Diomaris Gómez Rodríguez, con DNI nº ***3774** para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos) vinculado á citada praza.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona Justina Diomaris Gómez Rodríguez para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial - 8 horas/día, os sábados, domingos e festivos, tanto os de carácter nacional, autonómico como local), do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos) vinculado á citada praza.

(…)”

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona Justina Diomaris Gómez Rodríguez, con DNI nº ***3774** para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial - 8 horas/día, os sábados, domingos e festivos, tanto os de carácter nacional, autonómico como local), do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial - Fins de semana e festivos) vinculado á citada praza.

(…)”

Segundo.- Ordear a publicación da presente resolución desta corrección no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oourol.

Terceiro.- Notificar esta resolución á persoa interesada, e dar conta da mesma no primeiro pleno ordinario que se celebre.

O que mando e asino en Oourol, na data de sinatura electrónica á marxe de 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba. A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal”

Ourol, 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3717

Anuncio

PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA DE 21 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O ERRO MATERIAL DETECTADO NO DECRETO DE DATA DE 7 DE OUTUBRO DE 2024 RELATIVO A CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE OUROL DE UNHA PRAZA DE LIMPADOR/A DE EDIFICIOS MUNICIPAIS (XORNADA PARCIAL) (OEP 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0493 de data de 21/11/2024 procédese a corrixir o erro material detectado na Resolución de Alcaldía de data de 7 de outubro de 2024 relativo a contratación para cubrir en propiedade dunha praza de Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa adicional de Estabilización de Emprego Temporal), sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

“Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía 2024-0400 de data de 7 de outubro de 2024 pola que se resolve a contratación para cubrir en propiedade como persoal laboral fixo do Concello de Ourol de unha praza de Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal), RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a realizar unha corrección do erro na dita resolución do seguinte xeito:

Onde textualmente di:

“(…)

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona Maria Rocío Franco Rodríguez para ocupar a praza denominada Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral do Concello de Ourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María Rocío Franco Rodríguez, con DNI nº ***9619** para ocupar a praza denominada Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) vinculado á citada praza.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo cuarta) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación da persoa aspirante seleccionada, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona Maria Rocío Franco Rodríguez para ocupar a praza denominada Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 62,50 %), do cadro de persoal laboral do Concello de Ourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María Rocío Franco Rodríguez, con DNI nº ***9619** para ocupar a praza denominada Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 62,50 %), do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) vinculado á citada praza.

(…)”

Segundo.- Ordear a publicación da presente resolución desta corrección no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol.

Terceiro.- Notificar esta resolución á persoa interesada, e dar conta da mesma no primeiro pleno ordinario que se celebre.

O que mando e asino en Oourol, na data de sinatura electrónica á marxe de 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba. A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal”

Oourol, 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3718

Anuncio

PUBLICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA DE 21 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O ERRO MATERIAL DETECTADO NO DECRETO DE DATA DE 7 DE NOVEMBRO DE 2024 RELATIVO A CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE OOUROL DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO (XORNADA PARCIAL) (OEP 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0494 de data de 21/11/2024 procédese a corrixir o erro material detectado na Resolución de Alcaldía de data de 7 de novembro de 2024 relativo a contratación para cubrir en propiedade de dúas prazas de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa adicional de Estabilización de Emprego Temporal), sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

“Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía 2024-0461 de data de 7 de novembro de 2024 pola que se resolve a contratación para cubrir en propiedade como persoal laboral fixo do Concello de Oourol de dúas prazas de Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (OEP 2022 Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal), RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a realizar unha corrección do erro na dita resolución do seguinte xeito:

Onde textualmente di:

“(…)

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo terceira) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación das persoas aspirantes seleccionadas, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona María Cristina Otero Ríos e Dona María Vanesa Lamelas Cao para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolles o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María Cristina Otero Ríos, con DNI nº ***9934** e de Dona María Vanesa Lamelas Cao, con DNI nº ***3894**, para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolles o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)”

Debe dicir:

“(…)”

Vista a proposta de contratación (Base xeral decimo terceira) onde o Tribunal Cualificador, a vista da relación das persoas aspirantes seleccionadas, propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona María Cristina Otero Ríos e Dona María Vanesa Lamelas Cao para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 75 %), do cadro de persoal laboral do Concello de Oourol, convocada pola cota xeral, adxudicándolles o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(…)

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona María Cristina Otero Ríos, con DNI nº ***9934** e de Dona María Vanesa Lamelas Cao, con DNI nº ***3894**, para ocupar a praza denominada Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, (xornada parcial 75 %), do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolles o posto de traballo denominado Auxiliar de Axuda a Domicilio (Xornada Parcial) vinculado á citada praza.

(...)"

Segundo.- Ordear a publicación da presente resolución desta corrección no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Oural.

Terceiro.- Notificar esta resolución á persoa interesada, e dar conta da mesma no primeiro pleno ordinario que se celebre.

O que mando e asino en Oural, na data de sinatura electrónica á marxe de 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba. A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal"

Oural, 21 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3719

SOBER

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

Por resolución de Alcaldía de data 18 de novembro de 2024 aprobáronse as Bases Reguladoras da convocatoria para a ampliación da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar aprobada por resolución de alcaldía o 5 de maio de 2022.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración-Xornada: A xornada de traballo e a duración desta será a mesma da praza que se cubra en substitución.
- Prazo para a presentación de solicitudes: 15 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP.

As bases atópanse dispoñibles en:

- Páxina web: <http://www.concellodesober.com>
- sede electrónica: concellodesober.sedelectronica.gal
- Oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Sober.

Sober, 19 de novembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Luís Fernández Guitián.

R. 3720

TABOADA

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 20 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2024.

Conforme BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE CAPATAZ DA BRIGADA OBRAS, PERSOAL LABORAL FIXO. INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2024 aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 24 de setembro de 2024 publicadas no BOP de Lugo nº 227 de data 30 de setembro de 2024 e o anuncio no BOE nº 251 de data 17 de outubro de 2024 e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados que se relacionan a continuación e aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nas seguintes relacións.

1. Admitidos

APELIDOS E NOME	DNI
DIEGUEZ SOBRADO FRANCISCO	***5773**
MOURENZA LAMELA PEDRO	***1812**
RODRIGUEZ GAVIEIRO JOSE	***5809**

RODRIGUEZ GONZALEZ JUAN MANUEL ***2067**
RODRIGUEZ RAMOS ALEJANDRO ***0934**

2. Excluídos

APELIDOS E NOME	DNI
GAYOSO FERNANDEZ JOSE ANTONIO*	***3972**
OTERO SEIJAS NONITO**	***2608**
TABOADA LOPEZ JOSE ANGEL**	***3716**

* Non presenta o requirido no apartado TERCEIRO f) da bases da convocatoria.

**Non presenta ao completo o requirido no apartado TERCEIRO f) da bases da convocatoria.

SEGUNDO: Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, no prazo de dez días contados a partires do seguinte ao da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As emendas presentaranse durante o prazo anteriormente citado, ben directamente nas oficinas municipais do Concello de Taboada ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

TERCEIRO: Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada (<http://www.concellotaboada.es>)

CUARTO: Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

Taboada, 21 de novembro de 2024.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3721